



MEMORIA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A USC PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACCIÓNS EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN A TRAVÉS DO CRPIH (2026-2029)

O secretario xeral da Lingua, **DECLARA:**

Que a Secretaría Xeral da Lingua ten previsto formalizar o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abranguerá desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2029.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Universidade de Santiago de Compostela, para desenvolver proxectos de investigación -fundamentais para a comunidade científica e para toda a sociedade- capaces de garantir a utilidade da lingua galega en todos os aspectos da vida actual.

Que polo Decreto 146/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, establécese que a Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da mesma e dela depende o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido e, asemade, danse as complementariedades e sinerxías necesarias en proxectos de interese recíproco nos que a USC e o CRPIH veñen colaborando desde o ano 1995.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que é interese das partes contribuir a potenciar o recoñecemento da lingua galega entre as linguas románicas, fomentando liñas estruturais que favorezan traballos de investigación estratéxicos para garantir a utilidade da lingua galega na sociedade actual (como a modernización léxica ou o desenvolvemento das tecnoloxías da fala), e de proxectos que sexan de investigación fundamental para outros investigadores (como a elaboración de corpus e de grandes bases de datos que se actualicen de maneira continuada).

Que a citada universidade, concretamente as áreas de Filoloxía Galega, Portuguesa e Románica do seu departamento de Filoloxía Galega, en relación coa especificidade dos proxectos de investigación incluídos neste convenio, preséntanse como únicos e





idóneos, tanto desde o punto de vista dos ámbitos obxecto de investigación, coma en termos de eficacia e eficiencia na obtención dos resultados, o cal xustifica obxectivamente a imposibilidade de promover a concorrència pública para atender as necesidades da actividade investigadora obxecto deste expediente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos, nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua.

Valentín García Gómez

